

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Apedrar as árbores froiteiras en Noiteboa

En moitos lugares de Galicia despois de rematar a cea de Noiteboa os máis pequenos da casa saían apedrar as árbores froiteiras para que desen fartura; nalgúns lugares só apedraban as chamamdas *aneiras* (as que só dan froito cada dous anos).

O ritual era máis ou menos desta maneira.

O dono da árbore, na compañía doutro que facía o papel de defensor da árbore, dialogaban así:

-□Aquí estamos □di o dono□; heino cortar.

□Por Deus e polas ánimas, déixao quedar. Pra o ano que vén hachas dar! □responde o que fai de defensor.

Ao remate do diálogo, o dono da árbore apedrábaa e logo retirabase do lugar sen darlle as contas.

Ilustración de Andrés Meixide para o libro *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo*, Xerais, 2002.



BIBLIOGRAFÍA

TABOADA CHIVITE, X., *Folklore de Verín*, Ourense, 1961.

TABOADA CHIVITE, X., *La Navidad gallega y su ritualidad*, en Actas do Congreso Internaciomnal de Etnografía, Cámara Municipal de Santo Tirso, Junta de Investigações de Ultramar, Lisboa 1965.